



Guía Docente						
Datos Identificativos				2018/19		
Asignatura (*)	Prácticas externas I		Código	610G02047		
Titulación	Grao en Bioloxía					
Descriptores						
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos		
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	6		
Idioma	CastelánGalegoInglés					
Modalidade docente	Presencial					
Prerrequisitos						
Departamento	Bioloxía					
Coordinación			Correo electrónico			
Profesorado	Fagúndez Díaz, Jaime Fuentes Lopez, Marcelino Gonzalez Siso, Maria Isabel Vila Taboada, Marta			jaime.fagundez@udc.es marcelino.fuentes@udc.es isabel.gsiso@udc.es marta.vila.taboada@udc.es		
Web	ciencias.udc.es/estudiantes/secretaria-do-alumnado/pr%C3%A1cticas-profesionais					
Descripción xeral	<p>Os alumnos poderán optar por cursar prácticas profesionais externas, en empresas ou institucións, por un total de 6 ou 12 créditos ECTS, no lugar de 1 ou 2 materias optativas. A Facultade de Ciencias ven desenvolvendo desde o curso 2005/06 un programa de prácticas profesionais, cunha participación promedio no entorno dos 50-70 alumnos por ano, polo que ten ampla experiencia na xestión deste tipo de actividade.</p> <p>Para poder participar nunha estadía en prácticas o alumno deberá:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>i) Estar matriculado nalgúnha titulación de grao da Facultade de Ciencias.</li><li>ii) Ter superado cando menos 120 créditos ECTS, que deben de incluír todos os de formación básica.</li><li>iii) Superar o proceso selectivo que se puidera establecer. Non poderán ser beneficiarios de estadías en prácticas os estudiantes que manténan algúna relación contractual coa correspondente empresa ou entidade, agás autorización obtida de conformidade coa normativa interna da UDC.</li></ul> <p>Só se recoñecerán academicamente aquelas estadías que:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>a) Se desenvolvan nunha praza ofertada ou aprobada pola Facultade. Se dita praza non corresponde á oferta realizada pola Facultade, senón que fose promovida noutro ámbito (Consello Social da UDC, Fundación UDC, outros organismos, etc.), recabarase a información que fose precisa para confirmar o cumprimento dos obxectivos arriba indicados sobre concorrencia competitiva con selección baseada en mérito e capacidade.</li><li>b) Teñan sido cubertas mediante un proceso convocado en concorrencia libre e competitiva e cunha selección baseada en mérito e capacidade.</li><li>c) Teñan sido realizadas baixo a supervisión dun titulado superior pertencente á empresa, organismo público de investigación ou institución equiparable que oferte a praza, preferiblemente da mesma titulación ou titulacións afins á do estudiante.</li><li>d) Obteñan un informe favorable da Comisión de Docencia e Validacións sobre a actividade realizada, baseado no informe aportado e na valoración feita polos titores académico e de empresa (modelos no Anexos III e IV).</li></ul> <p>O proceso de avaliación, previo á decisión da Comisión de Docencia, aterase á normativa de cualificacións da UDC.</p>					

## Competencias / Resultados do título



Código	Competencias / Resultados do título
B1	Aprender a aprender.
B2	Resolver problemas de forma efectiva.
B3	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B4	Traballar de forma autónoma con iniciativa.
B5	Traballar en colaboración.
B6	Organizar e planificar o traballo.
B7	Comunicarse de maneira efectiva nunha contorna de traballo.
B8	Sintetizar a información.
B9	Formarse unha opinión propia.
B10	Exercer a crítica científica.
B11	Debater en público.
B12	Adaptarse a novas situacions.
B13	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacions (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar soluciones baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común..
C5	Entender a importancia da cultura emprendedora e coñecer os medios ao alcance das persoas emprendedoras.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrentarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título	
Mellorar no coñecemento do entorno profesional dos Graduados en Bioloxía, así como da capacidade de aplicar os coñecementos académicos adquiridos nun entorno profesional.	B1 B2 B3 B4 B5 B6 B7 B8 B9 B10 B11 B12 B13	C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
Segundo o plan de traballo acordado coa empresa para cada alumno.	Segundo o plan de traballo acordado coa empresa para cada alumno.

## Planificación



Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	B13 B12 B11 B10 B9 B8 B7 B6 B5 B4 B3 B2 B1 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	132	0	132
Resumo	B3 C1 C6 C7	0	18	18
Atención personalizada		0	0	0
<b>*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado</b>				

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Traballos tutelados	A empresa ou institución nomeará un tutor, que deberá ser un titulado superior, preferiblemente da mesma titulación ou titulacións afíns á do estudiante, e que se encargará das seguintes funcións:  1. Proporcionar ao Centro unha breve descripción do trabalho a realizar polo alumno, indicando os coñecementos específicos e habilidades que ha de ter o alumno para levalo a cabo e indicar a formación que adquirirá o alumno durante a realización do trabalho 2. Orientar ao alumno durante a realización do trabalho 3. Elaborar un informe final, dirixido ao Decanato da Facultade no que se avalie o grao de aproveitamento acadado polo estudiante  O alumno terá ademáis un tutor académico na Facultade, que será quen revise o informe emitido polo alumno, facendo por escrito as recomendacións e puntualizacións pertinentes para correxilo e melloralo. Á vista destas recomendacións, o alumno revisará o documento e o entregará no Negociado de alumnos xunto cunha instancia solicitando a súa avaliación.



Resumo	<p>Esta Memoria constará das seguintes partes e pola citada orde:</p> <p>1. INDICE</p> <p>1.1 Debe de recoller os documentos dos que consta o informe</p> <p>2. DATOS DO ALUMNO</p> <p>2.1 Breve información sobre o alumno (apelidos, nome, DNI, dirección de contacto, teléfonos e dirección de correo electrónico)</p> <p>3. DATOS DA EMPRESA</p> <p>3.1 Breve información sobre a empresa (nome, situación, sector de actividade, organigrama, número de empregados, etc...)</p> <p>4. RESUMO DAS PRÁCTICAS</p> <p>4.1 Resumen do traballo desenvolvido polo alumno durante o período das prácticas</p> <p>5. ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS</p> <p>5.1 Obxectivo das prácticas. Neste apartado débense de recoller os obxectivos que se perseguen co traballo</p> <p>5.2 Traballo encomendado. Fundamento teórico e experimental das diferentes actividades desenvolvidas durante o período de prácticas tendo en conta, no seu caso, o segredo profesional ao que está obrigado</p> <p>5.3 Distribución temporal. Distribución das tarefas realizadas, especificando a duración das mesmas e as unidades ou Departamentos nas que se realizaron</p> <p>5.4 Formación recibida. Cursos, programas informáticos, seminarios, charlas, etc...</p> <p>5.5 Nivel de integración dentro do departamento e relacións co persoal</p> <p>6. CONCLUSÓNS</p> <p>6.1 Adecuación ás ensinanzas recibidas na Facultade para o desempeño da práctica</p> <p>6.2 Valoración persoal da aprendizaxe conseguida ao longo de toda a práctica</p> <p>6.3 Declaración de responsabilidade do alumno (áchégase modelo Anexo I)</p>
--------	---

#### Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Resumo	A atención personalizada servirá para facer un seguimiento detallado das actividades e da evolución do alumno, contribuíndo á súa avaliación continuada.
Traballos tutelados	

#### Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación



Resumo	B3 C1 C6 C7	<p>Para acadar recoñecemento académico, e sempre que a estadía desenvolvida cumpra as condicións especificadas anteriormente, o alumno deberá remitir ao Decanato da Facultade un relatorio detallado dos traballos e actividades realizadas. Tal relatorio será elaborado dacordo co modelo descrito no apartado de Metodoloxías desta guía docente.</p> <p>O titor académico revisará o informe emitido polo alumno, facendo por escrito as recomendacións e puntualizacións pertinentes para correxilo e melloralo. Á vista destas recomendacións, o alumno revisará o documento e o entregará no Negociado de alumnos xunto cunha instancia solicitando a súa avaliación.</p> <p>O informe do alumno será avaliado pola Comisión de Docencia e Validacións do centro que, tendo en conta o informe do titor da empresa/institución e as recomendacións do titor académico, outorgará a cualificación que aparecerá na acta.</p>	50
Traballos tutelados	B13 B12 B11 B10 B9 B8 B7 B6 B5 B4 B3 B2 B1 C1 C3 C4 C5 C6 C7 C8	A empresa ou institución nomeará un titor, que elaborará un informe final, dirixido ao Decanato da Facultade no que se avalie o grao de aproveitamento acadado polo estudiante.	50

#### Observacións avaliación

Valorarase no seu  
conxunto o labor realizado durante as prácticas e a memoria realizada  
sobre as mesmas.

#### Fontes de información

Bibliografía básica	-O supervisor profesional e o académico ofrecerán consello ó estudiante con respecto ás fontes de información (bibliográficas ou non) más acaídas para as súas prácticas externas.-El supervisor profesional y el académico ofrecerán al estudiante consejo con respecto a las fuentes de información (bibliográfica o no) adecuadas para sus prácticas externas.-The professional and academic supervisors will offer guidance to the student about the most adequate resources (bibliographic or otherwise) for his/her internship.
Bibliografía complementaria	

#### Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente



Química/610G02001  
Física/610G02002  
Matemáticas/610G02003  
Xeoloxía/610G02004  
Estatística/610G02005  
Xeografía física/610G02006  
Citoloxía/610G02007  
Histoloxía/610G02008  
Organografía microscópica/610G02009  
Bioquímica I/610G02011  
Bioquímica II/610G02012  
Microbiología/610G02015  
Microbiología aplicada e control microbiológico/610G02016  
Xenética/610G02019  
Botánica sistemática: Criptogamia/610G02024  
Botánica sistemática: Fanerogamia/610G02025  
Fisiología vexetal I/610G02027  
Fisiología vexetal II/610G02028  
Zoología I/610G02031  
Zoología II/610G02032

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Traballo fin de grao/610G02046

Observacións

Observacións É recomendable tentar cursar as prácticas pre-profesionais durante o verán anterior a comezar o cuarto curso, co fin de que o segundo semestre quede máis libre a nivel horario.

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías